

ADENDA Á PROGRAMACIÓN do Departamento de ARTES PLÁSTICAS. IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS. CURSO 2021-2022

Para adaptar a programación do Departamento á ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, fanse os seguintes cambios:

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

Na páxina 28 do apartado “PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN”, e na páxina 35 do apartado “CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ESO” o párrafo:

“O alumnado que teña algunha avaliación pendente deberá recuperala antes de final de curso para poder superar a materia posto que non se fará avaliación final. A nota do curso será a nota media das tres avaliacións sendo obrigatorio ter aprobado a terceira avaliación.”

quedaría como segue:

“O alumnado que teña algunha avaliación parcial suspensa deberá recuperala antes da avaliación final. No período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final, o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo fará as actividades de reforzo e probas propostas polo profesorado co fin de recuperar as avaliacións pendentes.

Neste período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final, o alumnado que adquirise as aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo fará as actividades de ampliación propostas polo profesorado.

A nota da materia na avaliación final será a nota media das tres avaliacións parciais. Dado que no expediente do alumnado non poden figurar notas con números decimais, o redondeo farase como segue:

- Se o alumno ou alumna NON realizou durante o período abranguido entre a terceira avaliación e a final os traballos correspondentes, ben de apoio, reforzo ou ampliación propostos polo profesorado, a nota na avaliación final será a consecutiva inferior (por exemplo: unha alumna que tivera de nota media das tres avaliacións un 7,7 terá na avaliación final un 7).
- Se o alumno ou alumna realizou durante o período abranguido entre a terceira avaliación e a final os traballos correspondentes, ben de apoio, reforzo ou ampliación propostos polo profesorado poderá sumar ata un 0,75 á nota media das tres avaliacións parciais. A nota da avaliación final neste caso será:
 - a consecutiva superior sempre que o decimal supere o 0,5 (por exemplo: para 7,55 sería un 8).
 - a consecutiva inferior sempre que o decimal NON supere o 0,5 (por exemplo: para 7,45 sería un 7).”

Na páxina 37 queda eliminado o apartado “PROBAS EXTRAORDINARIAS NA ESO”.

DEBUXO TÉCNICO

Na páxina 54 do apartado “PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN” o párrafo:

“O alumnado que teña algunha avaliación pendente deberá recuperala antes de final de curso para poder superar a materia posto que non se fará avaliación final. A nota do curso será a nota media das tres avaliacións sendo obrigatorio ter aprobado a terceira avaliación.”

quedaría como segue:

“O alumnado que teña algunha avaliación suspensa deberá recuperala antes da avaliación final ordinaria.

En segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas ABAU ou probas extraordinarias, o alumnado acudirá ás clases co fin de prepararse para a realización de ditas probas.

En primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicárase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. Concretamente, o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo fará as actividades de reforzo e probas propostas polo profesorado co fin de recuperar as avaliacións pendentes, e o resto do alumnado fará as actividades de ampliación propostas polo profesorado.

A nota da materia na avaliación final ordinaria tanto en primeiro como en segundo de bacharelato será a nota media das tres avaliacións parciais. Dado que no expediente do alumnado non poden figurar notas con números decimais, o redondeo farase como segue:

- cando a nota media das tres avaliacións parciais teña un decimal superior a 0,5 corresponderalle a nota consecutiva superior (por exemplo: un 7,55 pasaría a ser un 8).
- cando a nota media das tres avaliacións parciais teña un decimal inferior a 0,5 corresponderalle a nota consecutiva inferior (por exemplo: un 7,45 pasaría a ser un 7).

Se unha alumna ou alumno de primeiro ou segundo de bacharelato non lograra os obxectivos e non alcanzara o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes na avaliación ordinaria, terá que presentarse á proba extraordinaria. Esta será similar ás realizadas durante o curso e consistirá na realización dunha proba escrita obxectiva de tipo práctico (exame), na que se demostrará o grao de consecución dos obxectivos do curso e o dominio dos contidos. Para a realización de tal proba, o alumno deberá levar o material de traballo necesario para a materia de Debuxo Técnico. A nota da materia na avaliación final extraordinaria neste caso será calculada de acordo á seguinte proporción: 70% da nota que acade na proba extraordinaria e 30% correspondente

ás laminas e proxectos presentados ao long do curso. Dado que no expediente do alumnado non poden figurar notas con números decimais, o redondeo farase como segue:

- Se o alumno ou alumna NON realizou durante o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e extraordinaria os traballos correspondentes de apoio e reforzo propostos polo profesorado, a nota na avaliación final extraordinaria será a consecutiva inferior (por exemplo: unha alumna que obtivera un 7,7 terá na avaliación final extraordinaria un 7).
- Se o alumno ou alumna realizou durante o período abranguido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria os traballos correspondentes de apoio e reforzo propostos polo profesorado a nota será:
 - a consecutiva superior sempre que o decimal supere o 0,5 (por exemplo: para 7,55 sería un 8).
 - a consecutiva inferior sempre que o decimal NON supere o 0,5 (por exemplo: para 7,45 sería un 7)."

Na páxina 59 no apartado "CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN" o párrafo:

"A nota final de curso será a nota media das tres avaliacións sendo obrigatorio ter aprobado a terceira avaliación. Cando unha avaliación non sexa superada o alumno recuperará a parte o partes suspensas (exame, cartafol de apuntes, traballos e láminas) ao longo do seguinte trimestre. Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria, poderán presentarse a unha proba extraordinaria. Esta proba será similar ás realizadas durante o curso e consistirá na realización dunha proba escrita obxectiva de tipo práctico (exame), na que se demostrará o grao de consecución dos obxectivos do curso e o dominio dos contidos. Para a realización de tal proba, o alumno deberá levar o material de traballo necesario para a materia de Debuxo Técnico."

Quedaría como segue:

"Cando unha avaliación non sexa superada o alumno ou alumna tentará recuperar a parte o partes suspensas (exame, cartafol de apuntes, traballos e láminas) ao longo do seguinte trimestre.

En segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas ABAU ou probas extraordinarias, o alumnado acudirá ás clases co fin de prepararse para a realización de ditas probas.

En primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. Concretamente, o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo fará as actividades de reforzo e probas propostas polo profesorado co fin de recuperar as avaliacións pendentes, e o resto do alumnado fará as actividades de ampliación propostas polo profesorado.

A nota da materia na avaliación final ordinaria tanto en primeiro como en segundo de bacharelato será a nota media das tres avaliacións parciais. Dado que no expediente do alumnado non poden figurar notas con números decimais, o redondeo farase como segue:

- cando a nota media das tres avaliacións parciais teña un decimal superior a 0,5 corresponderalle a nota consecutiva superior (por exemplo: un 7,55 pasaría a ser un 8).
- cando a nota media das tres avaliacións parciais teña un decimal inferior a 0,5 corresponderalle a nota consecutiva inferior (por exemplo: un 7,45 pasaría a ser un 7).

Se unha alumna ou alumno de primeiro ou segundo de bacharelato non lograra os obxectivos e non alcanzara o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes na avaliación ordinaria, terá que presentarse á proba extraordinaria. Esta será similar ás realizadas durante o curso e consistirá na realización dunha proba escrita obxectiva de tipo práctico (exame), na que se demostrará o grao de consecución dos obxectivos do curso e o dominio dos contidos. Para a realización de tal proba, o alumno deberá levar o material de traballo necesario para a materia de Debuxo Técnico. A nota da materia na avaliación final extraordinaria neste caso será calculada de acordo á seguinte proporción: 70% da nota que acade na proba extraordinaria e 30% correspondente ás laminas e proxectos presentados ao longo do curso. Dado que no expediente do alumnado non poden figurar notas con números decimais, o redondeo farase como segue:

- Se o alumno ou alumna NON realizou durante o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e extraordinaria os traballos correspondentes de apoio e reforzo propostos polo profesorado, a nota na avaliación final extraordinaria será a consecutiva inferior (por exemplo: unha alumna con un 7,7 terá na avaliación final extraordinaria un 7).
- Se o alumno ou alumna realizou durante o período abranguido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria os traballos correspondentes de apoio e reforzo propostos polo profesorado a nota será:
 - a consecutiva superior sempre que o decimal supere o 0,5 (por exemplo: para 7,55 sería un 8).
 - a consecutiva inferior sempre que o decimal NON supere o 0,5 (por exemplo: para 7,45 sería un 7)."

DESEÑO

Na páxina 75 no apartado "CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN" o párrafo:

"A nota final de curso será a nota media das tres avaliacións sendo obrigatorio ter aprobado a terceira avaliación. Cando unha avaliación non sexa superada o alumno recuperará a parte o partes suspensas (exame, traballos e láminas) ao longo do seguinte trimestre. Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria, poderán presentarse a unha proba extraordinaria. Esta proba será similar ás realizadas durante o curso e consistirá na realización dunha proba obxectiva de tipo práctico (exame), na que se demostrará o grao de consecución dos obxectivos do curso e o dominio dos contidos. Para a realización de tal proba, o alumno deberá levar o material de traballo necesario para a materia de Deseño."

quedaría como segue:

"O alumnado que teña algunha avaliación suspensa deberá recuperala antes da avaliación final ordinaria.

No período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata ás datas de celebración das probas ABAU ou probas extraordinarias, o alumnado acudirá ás clases co fin de prepararse para a realización de ditas probas.

A nota da materia na avaliación final ordinaria será a nota media das tres avaliacións parciais. Dado que no expediente do alumnado non poden figurar notas con números decimais, o redondeo farase como segue:

- cando a nota media das tres avaliacións parciais teña un decimal superior a 0,5 corresponderalle a nota consecutiva superior (por exemplo: un 7,55 pasaría a ser un 8).
- cando a nota media das tres avaliacións parciais teña un decimal inferior a 0,5 corresponderalle a nota consecutiva inferior (por exemplo: un 7,45 pasaría a ser un 7).

Se unha alumna ou alumno non lograra os obxectivos e non alcanzara o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes na avaliación ordinaria, terá que presentarse á proba extraordinaria. Esta será similar ás realizadas durante o curso e consistirá na realización dunha proba escrita obxectiva de tipo práctico (exame), na que se demostrará o grao de consecución dos obxectivos do curso e o dominio dos contidos. Para a realización de tal proba, o alumno deberá levar o material de traballo necesario para a materia de Deseño. A nota da materia na avaliación final extraordinaria neste caso será calculada de acordo á seguinte proporción: 70% da nota que acade na proba extraordinaria e 30% correspondente ás tarefas e proxectos presentados ao longo do curso. Dado que no expediente do alumnado non poden figurar notas con números decimais, o redondeo farase como segue:

- Se o alumno ou alumna NON realizou durante o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e extraordinaria os traballos correspondentes de apoio e reforzo propostos polo profesorado, a nota na avaliación final extraordinaria será a consecutiva inferior (por exemplo: unha alumna con un 7,7 terá na avaliación final extraordinaria un 7).
- Se o alumno ou alumna realizou durante o período abranguido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria os traballos correspondentes de apoio e reforzo propostos polo profesorado a nota será:
 - a consecutiva superior sempre que o decimal supere o 0,5 (por exemplo: para 7,55 sería un 8).
 - a consecutiva inferior sempre que o decimal NON supere o 0,5 (por exemplo: para 7,45 sería un 7)."

En Perillo, a 2 de marzo de 2022.



Asdo.: Mª Esther Díaz López